

## Maruja Mallo

A máis recoñecida das artistas galegas do século XX

Viveiro 1902 - Madrid 1995

Naceu en Viveiro e residiu en distintas provincias até se instalar en Madrid. Alí ingresa na Academia de Belas Artes e relaciónase con poetas e artistas (algúns conformarían a Xeración do 27). Dalí e Concha Méndez introdúcena na Residencia de Estudiantes, onde coñece a Lorca, Buñuel e Alberti, co que mantén unha relación amorosa. Concha Méndez e Maruja pasearon por Madrid como mulleres modernas e emancipadas, manexando bicicletas, asistindo aos cafés, a eventos literarios ou a verbenas populares. Maruja crea a súa propia linguaxe artística, combinando as vangardas, a arte popular e a súa particular interpretación.

Realiza a súa primeira exposición nos salóns da *Revista de Occidente* e convértese nunha das protagonistas da tensión creadora que se viviu até a Guerra Civil. O debut recibiu comentarios e recensións de prensa, mentres que fascinou a intelectuais e á alta sociedade madrileña.

Logo achégase ao surrealismo e percorre con Alberto Sánchez e Benjamín Palencia as paisaxes desapraticables que rodean Madrid, baixo o nome da Escuela de Vallecas. Isto dará lugar á serie “Cloacas e campanarios”, que compaxina con colaboracións en escenarios teatrais, coa realización de debuxos para a portada da *Revista de Occidente* e o deseño de cubertas de libros.

En 1931, expón a súa obra en París, a onde acoden artistas como Picasso e André Bretón. Regresa a Madrid e crea as series “Arquitecturas minerais” e “Arquitecturas vexetais”. Ademais, amosa un fondo compromiso coa República.

Previo ao estalido da Guerra Civil realiza a obra “La sorpresa del trigo”, cadro que presidirá a súa derradeira exposición en España, promovida polo grupo ADLAN. A Guerra Civil sorpréndea en Galicia, onde viaxa coas Misións Pedagóxicas. En 1937 chega a Bos Aires, onde é recibida como unha artista de renome. Seguirá traballando en lenzos sobre o mar e a terra. En Chile coincide co seu amigo Pablo Neruda e, en 1942, Gómez de la Serna e Atilio Rossi dedícanlle un libro. Nesta etapa realiza varias series e, en 1960, regresa a España.

A súa obra é cada vez máis valorada, especialmente pola crítica española máis nova, que ve nela a encarnación dunha vangarda ocultada polo franquismo. Recibe a Medalla de Ouro de Belas Artes (1982) e en 1993 o Centro Galego de Arte Contemporánea dedícalle a exposición antolóxica. Encamada, rodeada de postais e recordos, morre o 6 de febreiro de 1995 en Madrid.

Fonte: Ábum de Mulleres do Consello da Cultura Galega ([culturagalega.gal](http://culturagalega.gal))

Autora: María Luisa Sobrino Manzanares (2006)

Adaptación: Sara Canto González (2020)

## Maruja Mallo

La más reconocida de las artistas gallegas del siglo XX

Viveiro 1902 – Madrid 1995

Nació en Viveiro y residió en distintas provincias hasta instalarse en Madrid. Allí ingresa en la Academia de Bellas Artes y se relaciona con poetas y artistas (algunos conformarían la Generación del 27). Dalí y Concha Méndez la introducen en la Residencia de Estudiantes, donde conoce a Lorca, Buñuel y Alberti, con el que mantiene una relación amorosa. Concha Méndez y Maruja pasearon por Madrid como mujeres modernas y emancipadas, manejando bicicletas, asistiendo a cafés, a eventos literarios o a verbenas populares. Maruja crea su propio lenguaje artístico, combinando las vanguardias, el arte popular y su particular interpretación.

Realiza su primera exposición en los salones de la *Revista de Occidente* y se convierte en una de las protagonistas de la tensión creadora que se vivió hasta la Guerra Civil. El debut recibió comentarios y reseñas de prensa, mientras que fascinó a intelectuales y a la alta sociedad madrileña.

Luego se acerca al surrealismo y recorre con Alberto Sánchez y Benjamín Palencia los paisajes desapacibles que rodean Madrid, bajo el nombre de la Escuela de Vallecas. Esto dará lugar a la serie “Cloacas y campanarios”, que compagina con colaboraciones en escenarios teatrales, con la realización de dibujos para la portada de la *Revista de Occidente* y el diseño de cubiertas de libros.

En 1931, expone su obra en París, a donde acuden artistas como Picasso y André Bretón. Regresa a Madrid y crea las series “Arquitecturas minerales” y “Arquitecturas vegetales”. Además, muestra un fondo comprometido con la República.

Previo al estallido de la Guerra Civil realiza la obra “La sorpresa del trigo”, cuadro que presidirá su última exposición en España, promovida por el grupo ADLAN. La Guerra Civil le sorprende en Galicia, donde viaja con las Misiones Pedagógicas. En 1937 llega a Buenos Aires, donde es recibida como una artista de renombre. Seguirá trabajando en lienzos sobre el mar y la tierra. En Chile coincide con su amigo Pablo Neruda y, en 1942, Gómez de la Serna y Atilio Rossi le dedican un libro. En esta etapa realiza varias series y, en 1960, regresa a España.

Su obra es cada vez más valorada, especialmente por la crítica española más joven, que ve en ella la encarnación de una vanguardia ocultada por el franquismo. Recibe la Medalla de Oro de Bellas Artes (1982) y en 1993 el Centro Galego de Arte Contemporánea le dedica la exposición antológica. Encamada, rodeada de postales y recuerdos, muere el 6 de febrero de 1995 en Madrid.

Fuente: Ámbum de Mulleres do Consello da Cultura Galega ([culturagalega.gal](http://culturagalega.gal))

Autora: María Luisa Sobrino Manzanares (2006)

Adaptación y traducción: Sara Canto González (2020)